

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de novembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Sociedade Deportiva de Caza e Pesca de Rodeiro

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 11 de setembro de 2025 (RE-E núm. 565), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZA E PESCA DE RODEIRO
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	ÁLVARO JUIZ LORENZO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONTRUCIÓN DE DOUS BIOTOPOS
LUGARES	VILAMEÁ E BARREGALLOS
PARROQUIAS	NEGRELOS E CARBOENTES
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
REFª CATASTRAL PARCELAS	36047A062002710000PF 36047A107002950000LS
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	NON
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.001,50 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira, de data 10/11/25)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 01/10/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- O biotopo previsto na parcela con referencia catastral 36047A062002710000PF deberá situarse fóra do contorno de protección de elementos arqueolóxicos catalogados.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SESENTA EUROS CON TRES CÉNTIMOS (60,03 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### ***3.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DUN SÓ USO***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os SRAP asinaron un novo convenio marco en materia de envases domésticos de vidro dun só uso. Con este novo convenio as SRAP levarán a cabo a organización das ditas clases de residuos, mellorando de xeito importante as contías económicas que os sistemas viñan satisfacendo ata o presente. O convenio asinado ten unha duración de catro anos, con posibilidade de prórroga por períodos de dúas anualidades, ata un máximo de catro anos máis.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula segunda de dito Convenio, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio Marco, asinado o día 6 de agosto de 2025, entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso.

Segundo.- Optar pola seguinte modalidade organizativa para a xestión dos REDV: *“1.2. O SRAP organiza totalmente e financia”*.

Terceiro.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais (cláusula sexta e anexo 5).

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o documento de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

#### ***4.- BASES, TRIBUNAL E BAREMO PARA A PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”***

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de outubro do corrente, resolveu outorgar ao Concello a condición de entidade colaboradora do proxecto *“+Emprega nos concellos 2025”*, e conceder unha subvención, por importe de CATORCE MIL CATROCENTOS EUROS (14.400,00 €), para a contratación laboral dun/ha traballador/a, de conformidade co solicitado no seu día polo Concello, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 29 de agosto do corrente, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria realizada pola Deputación Provincial, en réxime de concorrencia non competitiva, do proxecto *“+Emprega nos*

Concellos 2025” para financiar contratos formativos (BOP núm. 156, do 19/08/25).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a provisión do posto de traballo subvencionado.

Segundo.- Aprobar as bases, tribunal e baremo de selección para a provisión de dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do proxecto “+Emprega nos Concellos 2025” da Deputación Provincial, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Terceiro.- Aprobar o plan formativo individual, que se incorporará como anexo ao contrato, e designar como titora á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez.

#### ANEXO

#### BASES E BAREMO PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO/A TRABALLADOR/A A CONTRATAR AO ABEIRO DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”

#### BASES

OBXECTO: O obxecto das presentes bases e baremo é a selección do/a traballador/a a contratar polo Concello para o proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”, de conformidade coas bases reguladoras e convocatoria aprobadas pola Deputación Provincial (BOP núm. 156, do 19 de agosto de 2025).

#### DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS:

- 1 técnico de comunicación adscrito ao Departamento de Servizos Sociais.

TIPO DE CONTRATO: Contrato de formación para a obtención da práctica profesional.

XORNADA: 37,5 horas/semana

DURACIÓN DO CONTRATO: Un (1) ano.

SALARIO: 1.381,33 € brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras e complementos.

#### REQUISITOS:

- Os xerais da Lei.
- Previa preselección polo Servizo Público de Emprego (SPE).

- Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación: Ciclo superior en Producións audiovisuais e espectáculos.
- Cumprir os requisitos establecidos nas Bases do Proxecto (BOP núm. 156, do 19.08.2025), particularmente os recollidos na Base 4ª.
- Presentar, xunto coa solicitude de participación no modelo oficial que será facilitado polo Concello, a seguinte documentación:
  - ✓ DNI.
  - ✓ Titulación requirida.
  - ✓ Certificación académica oficial.
  - ✓ Vida laboral actualizada.
  - ✓ Certificado histórico de empadramento.

FORMA DE ACREDITACIÓN: Orixinal ou copia auténtica da documentación acreditativa.

A documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo deberá ser presentada no Concello no prazo máximo de TRES DÍAS NATURAIS, contados a partires do seguinte ao da comunicación da preselección polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

#### TRIBUNAL

O Tribunal cualificador estará integrado polas seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS:

Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.

Jose Carballo Suárez, administrativo-encargado do CCM "Manuel Lamazares".

SECRETARIO (con voz e sen voto): O do Concello ou funcionario en quen delegue.

#### BAREMO

Para a puntuación e selección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado aplicaranse integramente os méritos correspondentes aos criterios de selección establecidos no Anexo II das Bases reguladoras do proxecto (BOP núm. 156, do 19/08/25).

FORMA DE ACREDITACIÓN: Orixinal ou copia auténtica da documentación acreditativa

## ***5.- ALTA DE USUARIO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2025-2026***

VISTA a instancia presentada por Dona Noemí López Vilas, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 1921, do 06/11/25), pola que solicita a alta do seu fillo Mateo López López como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, en xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 12/11/25, pola directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a

existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda proceder á alta, como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, do menor MATEO LÓPEZ LÓPEZ, en xornada completa, con data de efectos do día 1 de decembro do corrente.

## **6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR POR GOCE DE VACACIÓNS**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Don Ezequiel Fernández Bardelás, traballador laboral fixo do Concello na praza de condutor do camión de recollida do lixo, ten solicitado o goce das súas vacacións anuais durante parte dos meses de novembro e decembro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun traballador que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse a recollida do lixo dun servizo prioritario, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de recollida do lixo correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Non considera axeitado xustificar o incumprimento de ditos principios alegando urxencia xa que era doado prever con suficiente antelación as datas das vacacións, ao ter legalmente un límite temporal para seu goce, polo que se podería ter convocado publicamente dita provisión, previa a aprobación dunhas bases. Porén o Sr. alcalde, dada a urxencia da contratación e o limitado período desta, non considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola posible demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo, precisándose a contratación dun traballador con experiencia acreditada, dada a dificultade do manexo dos medios de transporte dispoñibles

e da necesidade de coñecemento previo das rutas de recollida e da situación dos colectores nos diferentes lugares e parroquias do Concello. Destaca que realizou persoalmente numerosas xestións que resultaron infrutuosas para acadar un traballador que cumprira con ditas aptitudes profesionais, ante a inexistencia actual de oferta de traballadores cos permisos preceptivos e os coñecementos axeitados do medio, polo que recorreuse a única persoa dispoñible da que se tivo coñecemento e que acreditou a posesión dos requisitos esixidos

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Don MANUEL LOIS RODRÍGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] como condutor do camión de recollida do lixo, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 17 de novembro e 17 de decembro de 2025, ambos incluídos, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, en substitución por vacacións de Don Ezequiel Fernández Bardelás .

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## ***7.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE***

VISTA a solicitude presentada por Don José García Vázquez (RE núm. 1959, do 12/11/25), e a proposta de resolución emitida con data 12/11/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don JOSÉ GARCÍA VÁZQUEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Guillar, parroquia de Guillar.

## 8.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Néstor García García

VISTA a instancia presentada por Dona NÉSTOR GARCÍA GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar da Ponte, parroquia de Pedroso (RE núm. 1860 e 1971, do 24/1025 e 14/11/25 ), pola que solicita autorización municipal para o paso e cruce da estrada municipal Pedroso-Alperiz cunha canle de abastecemento de auga, entre as parcelas con referencias catastrais 36047A054002070000PS e 36047A054002130000PH. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Primeira.- A canle deberá ser colocada a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte do solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa do solicitante.

## 9.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE CAMBA

VISTO o escrito presentado por Don Jesús López Diéguez, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA O

RENDAL, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar da Ponte, parroquia de San Salvador de Camba (RE núm. 1950, do 10/11/25), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Salvador de Camba celebradas os pasados días 6 e 7 de setembro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente, previa xustificación do gasto.

## 10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE 15.750,00 €  
Por abono de sancións administrativas en materia de funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), s/liquidación.
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 2.800,00 € E 2.800,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2025*” nos meses de setembro e outubro de 2025, s/facturas núm. 0925/0000003 e 0925/0000004 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 181,50 €  
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “*XIV Feira da vaca rubia galega do país*”, s/factura núm. P25/008929 (FACe).
- FARO DE VIGO S.A. 242,00 €  
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “*XIV Feira da vaca rubia galega do país*”, s/factura núm. 2025F0002265 (FACe).

- MERCAHILBE S.L. 80,17 €  
Por subministro de bebidas e utensilios para a xornada sobre a migración “*Raíces e horizontes*”, s/factura núm. 09000007.
- ALEJANDRO R. MINGUEZ GONZÁLEZ 176,47 €  
Por impartir charla informativa sobre cogomelos, s/factura núm. CU/002-2025.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)